

PROGRAMACIÓN ANUAL

EDUCACIÓN FÍSICA

ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN
 - 1.1. MARCO LEGAL
 - 1.2. CARACTERÍSTICAS DO ALUMNADO DE 1º A 6º DE PRIMARIA
2. OBXECTIVOS
3. METODOLOXÍA
4. ORGANIZACIÓN
 - 4.1. DO ESPAZO
 - 4.2. AGRUPAMENTOS
5. RECURSOS
 - 5.1. RECURSOS MATERIAIS
 - 5.2. RECURSOS DO ENTORNO
6. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES
7. PLANS QUE DESENVOLVE O CENTRO
 - 7.1. PLAN DO EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA
 - 7.2. PLAN DE MELLORA DE BIBLIOTECAS ESCOLARES (PLAMBE)
 - 7.3. PLAN TIC
 - 7.4. PLAN DE LECTURA
 - 7.5. PLAN DE CONVIVENCIA
8. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE
9. AVALIACIÓN
 - 9.1. PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN DO ALUMNADO
 - 9.1.1. AVALIACIÓN INICIAL
 - 9.1.2. AVALIACIÓN FINAL. CRITERIOS DE PROMOCIÓN DE CURSO.
 - 9.2. INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN. CRITERIOS DE PROMOCIÓN DE ÁREA.
 - 9.2.1. PONDERACIÓN DE ESTÁNDARES
 - 9.3. AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN.
 - 9.4. AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE.
10. PROGRAMACIÓN POR NIVEL E PERFIL DE ÁREA.
11. CONTRIBUCIÓN DA ÁREA DE EDUCACIÓN FÍSICA PARA A ADQUISICIÓN DAS CC.
12. PERFIL COMPETENCIAL DE CENTRO

1. 2. Marco legal

- A Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa.
- Aspectos en vixencia da Lei Orgánica 3/2020 do 29 de decembro
- DECRETO 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- ORDE do 22 de xullo do 1997, pola que se regula determinados aspectos de organización e funcionamento das escolas de E Infantil e dos colexios de E Primaria.
- DECRETO 229/2011 do 7 de decembro polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos Centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na LOE.
- ORDE do 8 de setembro de 2021 pola que se desarrolla o D.229/2011.
- DECRETO 79/2010 para o plurilingüismo no ensino non universitario
- ORDE do 9 de xuño de 2016 pola que se regula a avaliación e a promoción do alumnado que cursa educación primaria.
- Orde do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo galego.
- ORDE do 2 de marzo de 2021 que regula o dereito do alumnado a obxectividade da avaliación e se establece o procedemento de reclamación das cualificacións e da promoción do alumnado.

Xustificación

A programación é necesaria porque:

- Axuda a eliminar o azar e a improvisación, aínda que isto non significa que se trate dunha programación senón dunha guía de orientación suxeita a modificacións en función do alumnado ao que se dirixe.
- Permite adaptar o traballo pedagóxico ás características culturais e ambientais dun contexto determinado.

1. 3. Características do alumnado de 2º, 4º e 6º curso

Características do alumnado do 2º curso

Alcanza e consolida hábitos básicos de aseo, vestido e alimentación.

Fai uso cada vez máis eficaz dos procedementos perceptivos e do control da atención e da memoria.

Atópase nun estadio de operacións concretas, o que fai necesaria a manipulación para acadar o que se propón.

Posúe intelixencia "práctica" polo que coñece a través da súa experiencia, aínda que evoluciona progresivamente cara á lóxica.

Diferenza os feitos reais dos fantásticos.

O desenvolvemento afectivo facilítalle un maior interese polas aprendizaxes escolares.

Identifica e manexa símbolos e signos o que lle permite incorporarse e aprender os códigos convencionais.

Posúe grande curiosidade intelectual.

Son aínda inconstantes, polo que traballar a atención e moi importante nesta etapa.

Características dos nenos de 4º

Desenvolvemento psicomotor: o seu desenvolvemento ten un ritmo regular, non sometido aos estiróns de etapas anteriores.

Adquiren a capacidade de coordinar movementos de xeito máis harmónica. Toman conciencia dos segmentos corporais máis específicos.

Desenvolvemento cognitivo: aparece o pensamento lóxico. Son capaces de resolver problemas aplicando a lóxica, aínda que non pensan en termos abstractos. Son capaces de aplicar a reversibilidade, a conservación e a casualidade. Teñen capacidade para comprender un texto e recordalo, aínda que lles custa extraer as ideas máis importantes. Aumenta considerablemente a súa capacidade de memoria.

Desenvolvemento da linguaxe: Distribúen e ordenan bastante ben as palabras e as oracións no espazo-tempo e coñecen e dominan, con certas dificultades, a normativa dos dous códigos. Aínda presentan moitas dúbidas ortográficas polo que hai que continuar afianzando este aspecto. Amplían considerablemente o vocabulario e xa son capaces de definir palabras. No referente á lectura, adoita realizala xa con certa fluidez; pero poden presentar algúns tropezos. Por iso é fundamental traballar a comprensión lectora.

Desenvolvemento social: o diálogo entre o neno e os seus pais faise "máis adulto", aumentan as negociacións e aparecen os pactos formais. Agudízanse as diferenzas respecto de algúns temas. Cústalles comprender a demanda de información dos seus pais, como as tarefas escolares. Gozan cos seus iguais. Establécense xerarquías dentro dos grupos. Van interiorizando os valores e ven a necesidade da xustiza, a igualdade, a amizade ou os dereitos.

Características dos nenos de 6º

Os nenos e nenas de 10 ou 11 anos empezan a tomar conciencia de que están deixando de ser nenos. Se ben o seu cerebro aínda pensa coma un neno, o seu físico xa deixará de ser o dun neno para pasar a ser, pouco a pouco, o dun adulto. De aí que entre as características, produto destes grandes cambios, a miúdo amosa certa torpeza.

Atravesan unha etapa na que, cognitivamente, xa están entrando na etapa chamada das operacións formais, segundo Jean Piaget. Comeza a realizar operacións e conceptos de maior complexidade.

A nivel emocional ou afectivo, comeza a etapa xenital do desenvolvemento psicosexual, co que entran na adolescencia. Empeza a tomar conciencia de que está deixando de ser neno ou máis ben a percibir cambios físicos importantes. Se ben o seu cerebro aínda pensa coma un neno, o seu físico xa deixará de ser o de un neno para pasar a ser o dun adulto pouco a pouco. Isto pode variar segundo o neno pero a partir desta idade e ata os 13 anos, o seu corpo sofre varios cambios que dalgunha maneira van alterar ao neno.

O neno comezará a facer un duelo pola nenez que está perdendo e empezará a preocuparse por crear a súa propia identidade separándoa de forma máis pronunciada do grupo familiar.

Neste período a sociabilidade é tal, que se chama da idade da "graza social", xa que as relacións dos nenos cos demais son máximas. A súa conciencia xa é autónoma e interioriza máis as normas do grupo que as que proveñen do titor ou dos pais, dado que a súa afectividade entra paulatinamente na emancipación do mundo familiar, nunha conciencia de si mesmo e afirmación do seu "eu" no marco do grupo; ten moi acusado o sentimento da xustiza. Todo isto trae unhas consecuencias na conduta dos alumnos que é importante ter en conta para conseguir un nivel disciplinario.

Comeza a non atender os consellos dos pais e a cuestionar as normas da escola se non coinciden coas do grupo. Reflexiona, pensa antes de actuar, pero guiado pola aprobación ou rexeitamento do grupo. Procuraremos que acepte, redacte ou elixa as normas do grupo-clase.

E capaz de facer autocrítica e pode comprender o razoamento dos demais.

A seguridade xa non a busca na familia, nin no profesor; atópaa no grupo. Polo tanto o profesor ha de ter en conta o grupo como medio de preparación social e programar actividades xunto cos alumnos, asignarlle responsabilidades e estimulalo a formular compromisos.

Adaptarse ou non á disciplina dependerá do grupo, das boas relacións deste co titor e do autoconceito positivo que este saiba alentar, manter ou iniciar cos alumnos.

2. OBXECTIVOS

- a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.
- b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo/a, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.
- c) Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos que se relacionan.
- d) Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas con discapacidade nin por outros motivos.
- e) Coñecer e utilizar de xeito apropiado a lingua galega e a lingua castelá, e desenvolver hábitos de lectura en ambas as linguas.
- f) Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.
- g) Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser quen de aplicarlos ás situacións da súa vida cotiá.
- h) Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura, con especial atención aos relacionados e vinculados con Galicia.
- i) Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das tecnoloxías da información e da comunicación, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran.
- j) Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.
- k) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o de los outros, respectar as diferenzas e utilizar a educación física, o deporte e a alimentación como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.
- l) Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado.
- m) Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de

calquera tipo e aos estereotipos sexistas e de discriminación por cuestións de diversidade afectivo-sexual.

n) Desenvolver hábitos cotidianos de mobilidade activa autónoma saudable, fomentando a educación vial e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.

o) Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

3. METODOLOXÍA

A metodoloxía pretende responder a unha das principais tarefas do mestre, é dicir, á de decidir que facer cos alumnos/as, cando e como facelo.

Nas miñas sesións, utilizarei varios métodos, en función dos obxectivos e das características das propias sesións, centrándome nunha metodoloxía baseada na ensinanza mediante a búsqueda, o cal non implica que en determinadas situacións ou actividades utilice unha metodoloxía baseada na instrución directa.

Un dos recursos de maior valor é a utilización do **xogo** como elemento de traballo nas sesións de educación física.

Aprender a aprender é sen dúbida o obxectivo máis ambicioso da ed. Escolar. Equivale a realizar aprendizaxes significativos nunha ampla gama de circunstancias e situacións.

En definitiva, a metodoloxía nas sesións será globalizadora, participativa e lúdica, fomentando nos nenos/as a exploración, o descubrimento, a creatividade e sobre todo a valoración das propias posibilidades; e todo isto, a través do xogo, o cal fomenta estas características. Tratarei de evitar a eliminación e os grandes grupos con escaso material; o que interesa é que o nen@ esté en continua acción.

Os principios que rixen os xogos ou actividades que realizamos son:

- Actividade, o neno/a debe ser o/a protagonista do proceso e dos xogos ou actividades. O neno/a ten que inventar novas situacións, potenciando a CREATIVIDADE.
- Tódalos xogos e actividades faranos indistintamente nenos/as, traballando e potenciando a COEDUCACIÓN.
- INDIVIDUALIZACIÓN, todos os rapaces teñen un desenvolvemento individual e diferente.
- SOCIALIZACIÓN, fomentar a sociabilidade cos demais, cooperación e actitudes de responsabilidade dentro do grupo.
- Carácter lúdico. Utilizarei o corpo como medio e recurso didáctico.
- Agrupamentos. Dado que a base fundamental dos procesos de aprendizaxe serán o xogo, os agrupamentos serán flexibles, tendendo á distribución de xogos e propostas simultáneas. Uns agrupamentos que faciliten a metodoloxía colectiva (todos xogando, cada un ao seu nivel) e fomentando a actitude autónoma de participación e disfrute.

As sesións estrutúranse do seguinte xeito:

- Traslado e Fase de información
- Quecemento ou posta en funcionamento
- Parte principal (logro dos obxectivos didácticos)

- Volta á calma

A aprendizaxe baseada en competencias caracterízase pola súa transversalidade, o seu dinamismo e o seu carácter integral. O proceso de ensino-aprendizaxe competencial debe abordarse desde todas as áreas de coñecemento e por parte das diversas instancias que conforman a comunidade educativa.

O artigo 15. Principios metodolóxicos do Decreto 105/2014 sinala de maneira resumida que: Nesta etpa poñeráse especial énfase na atención á diversidade; a metodoloxía será fundamentalmente comunicativa, inclusiva, activa e participativa; terase en conta os diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe; tempo de lectura de alomenos 30 minutos.

No Anexo II, Disciplinas específicas, na Área de Educación Física establécense unha serie de **orientacións metodolóxicas** que favorecerán un enfoque competencial: As estruturas de aprendizaxe cooperativo posibilitarán a resolución conxunta das tarefas e dos problemas, e potenciarán a inclusión do alumnado; Débese potenciar o uso das Tecnoloxías da Información e a Comunicación; Favoreceranse metodoloxías que teñan a súa base no descubrimento guiado, a resolución de problemas, o traballo por retos ou a cooperación.

Enumerados os principios metodolóxicos cabe facer especial atención ao traballo dende a ***perspectiva inclusiva***, xa que será eixo vertebral da metodoloxía a implementar ao longo do curso. Isto supón formular a ensinanza contando co propio alumnado como apoio: os sistemas de aprendizaxe en grupo cooperativo, os sistemas de aprendizaxe apoiados nas titorías entre compañeiros, así como a creación de comunidades e redes de axuda entre alumnos, profesores e familias.

Estableceranse tarefas extraescolares para o adecuado desenvolvemento das competencias clave, atendendo aos distintos procesos e ritmos de aprendizaxe e tendo en conta o principio de progresividade.

Procurarase un adecuado encaixe na vida das familias, de xeito que se facilite a participación activa das mesmas na aprendizaxe e a adecuada conciliación da vida persoal e familiar, con respecto aos tempos de lecer.

A aprendizaxe cooperativa é un enfoque que trata de organizar as actividades dentro da aula para convertelas nunha experiencia social e académica de aprendizaxe. Os estudantes traballan en grupos heteroxéneos para realizar as tarefas do xeito máis colectivo. A aprendizaxe neste enfoque depende do intercambio de información entre os estudantes, que están motivados tanto para lograr a súa propia aprendizaxe como para acrecentar os logros dos demais. É importante ter en conta a formación de grupos, a interdependencia positiva e a responsabilidade individual.

4. ORGANIZACIÓN

4.1. Do espazo

O espazo da aula (PAVILLÓN) debe permitir o desenvolvemento da situación de ensino – aprendizaxe, tanto individual como grupal; onde se desenvolvan actividades comúns ao grupo.

4.2. Agrupamentos

O alumnado distribúese do seguinte xeito:

- En **grupos pequenos** onde traballar os proxectos, talleres, exposicións... para fomentar a socialización e colaboración.
- **Individualmente** para reflexionar sobre o aprendido e adquirir autonomía.
- **grupo aula** para traballar actividades de posta en común, de exposicións de tarefas, tirar conclusións...
- **grupo de niveis** para desenvolver actividades nas que se compartan experiencias.
- **Grupo colexio:** mostra de actividades desenvolvidas polos distintos grupos de alumnos relacionadas con distintos proxectos que se desenvolven no Centro, onde colaboran activamente as familias.

5. RECURSOS

Na clase de educación física o alumnado utilizará roupa cómoda (preferentemente chándal) e calzado deportivo.

Disporá dun necesér cunha camiseta limpa e unha toallita para lavar a cara e máns.

Instalacións: pavillón polideportivo, patio de recreo, aula de informática e biblioteca.

Recursos: material propio da área de educación física (balóns, picas, conos, aros, cordas, colchonetas, quitamedos,); material alternativo tipo xices, caixas de cartón, pandeiro, panos, rodas, botellas de plástico,....

5. 1. Recursos materiais

- Material funxible de uso escolar
- Libros de lectura
- Libros de consulta (dicionarios, enciclopedia)
- Material didáctico para cada unha das áreas
- Materiais de elaboración propia
- Materiais de desfeita
- Ordenador, reprodutor de CD, encerado dixital, cámara de vídeo, e- books, tablets.....

5. 2. Recursos do entorno

- Recursos achegados polas familias
- A propia contorna como recurso (parques da Valenzá)

6. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Estas actividades desenvólvense ao longo do curso. Algunhas delas son propostas polos diferentes Equipos Docentes e outras son actividades relacionadas coas conmemoracións sinaladas no calendario escolar .

Para planificalas escóllense os estándares a traballar en cada curso e en cada área. A súa avaliación está incluída nas respectivas programacións. Tendo en conta os resultados das mesmas faranse propostas de mellora, no caso de ser necesario.

Algunhas destas actividades son

- Día das bibliotecas
- Samaín
- Magosto

- día internacional da discapacidade
- Nadal
- Día da paz
- Entroido.
- Día de Rosalía.
- Día do Libro.
- Semana das Letras Galegas.
- Festival de fin de curso.
- Saídas ao entorno
- Aquelas que complementen os proxectos establecidos no Centro e todas aquelas actividades propostas polos diferentes equipos do centro: Biblioteca, Tic, EDLG, ... así como todas as conmemoracións establecidas no calendario escolar.

7. PLANS

7. 1. Plan de Dinamización da Lingua Galega

Os obxectivos que se pretenden conseguir implementando este Plan no Centro son os seguintes:

- Incidir mediante a información e a explicación argumentada e científica na comunidade escolar (alumnado, profesorado, persoal non docente e familias) para vencer prexuízos cara ao galego e para promover actitudes favorables á galeguización.
- Asegurar unha formación (sociolingüística e psicopedagóxica) dos docentes que lles permita interpretar a realidade lingüística de Galicia e participar con criterio e eficacia en tarefas de planificación e dinamización lingüística no ámbito escolar.
- Propiciar o uso da biblioteca escolar como centro de recursos de información, lectura, aprendizaxe e divertimento empregando como lingua vehicular o idioma galego.
- Garantir unha oferta de materiais didácticos de calidade e en soportes diversos que fagan atractivo o proceso de aprendizaxe, que axuden a percibir a utilidade da lingua e que capaciten para o seu uso correcto e eficaz.
- Promover a interacción e colaboración entre a escola e o contorno para facer máis rendibles os recursos e os esforzos deses dous ámbitos a prol da normalización do galego.
- Xerar dinámicas de traballo que supoñan unha relación entre os distintos membros da comunidade educativa.
- Fomentar a presenza do galego nas novas tecnoloxías. O blog XOGAEAPRENDE está feito en galego

7. 2. Plan da Biblioteca Escolar

Algúns dos obxectivos a conseguir:

- Promover entre o alumnado a utilización da BE para a busca de información e a creación de coñecemento
- Organizar os recursos de maneira que sexan fácilmente accesibles e utilizables
- Inculcar o pracer de ler como iniciativa propia, non solamente coma algo puramente académico, senón coma algo lúdico e divertido
- Difundir os fondos da biblioteca facéndoos chegar ao alumnado e as familias.
- Empregar a biblioteca como laboratorio de coñecemento para a comunidade educativa.
- Seguir a ampliar con entradas o blog da biblioteca para que sexa a ferramenta de comunicación interaulas, entre as familias e para a cidadanía
- Diseñar actividades para as familias para que poidan traballar a lectura na casa, seguindo as pautas dadas.
- Optimizar e fomentar o gusto pola lingua no plano oral e escrito entre as nenas e os nenos e entre as familias e o profesorado
- Información ás nais e pais da necesidade de que sexan modelos de bos lectores para que estimulen a lectura nos seus fillos.
- Difundir o gusto pola lingua, a busca e difusión da información no plano oral e escrito.
- Achegar a comunidade educativa a lingua e as TIC no plano oral e escrito.
- Recoñecer a importancia de recoller a tradición oral da zona xeográfica: refráns, lendas, crenzas...
- Recomendar lectura para os nenos e os pais de temáticas diversas (educación, atención á diversidade, aventura, comics, ...)
- Crear un fondo propio da biblioteca con todos os traballos realizados polos nenos.
- Concienciar a toda a comunidade educativa do importante papel que xoga a biblioteca escolar como centro de recursos inclusivo do Colexio
- Facilitar e seleccionar o material preciso para conseguir os obxectivos de ditos proxectos.
- Aprender a deseñar procesos creativos, críticos e reflexivos que favorezan a competencia en aprender a aprender, competencia dixital e competencia en autonomía e iniciativa persoal
- Promover unha biblioteca xeradora de proxectos documentais integrados

En resumo a Biblioteca persegue o desenvolvemento dunha cultura de participación plena nas relacións entre escola e comunidade.

7. 3. Plan Tic.

CURSO: SEGUNDO
BLOQUE 1. CONTIDOS COMÚNS EN EDUCACIÓN FÍSICA
EFB1.1.1. Investiga, reflexiona e debate de forma guiada sobre distintos aspectos da moda e a imaxe corporal dos modelos publicitarios.
EFB1.2.1. Utiliza as novas tecnoloxías para localizar a información que se lle solicita.
EFB1.2.2. Presenta os seus traballos atendendo as pautas proporcionadas, con orde, estrutura e limpeza.
EFB1.2.3. Expón as súas ideas expresándose de forma correcta en diferentes situacións e respecta as opinións dos e das demais.
BLOQUE 6. OS XOGOS E ACTIVIDADES DEPORTIVAS
EFB6.2.2. Investiga e coñece xogos tradicionais de Galicia.
CURSO: CUARTO
BLOQUE 1. CONTIDOS COMÚNS EN EDUCACIÓN FÍSICA
EFB1.1.1. Investiga, reflexiona e debate de forma guiada sobre distintos aspectos da moda e a imaxe corporal dos modelos publicitarios.
EFB1.2.1. Utiliza as novas tecnoloxías para localizar a información que se lle solicita
EFB1.2.2. Presenta os seus traballos atendendo as pautas proporcionadas, con orde, estrutura e limpeza.
CURSO: SEXTO
BLOQUE 1. CONTIDOS COMÚNS EN EDUCACIÓN FÍSICA
EFB1.2.1. Utiliza as novas tecnoloxías para localizar e extraer a información que se lle solicita.
EFB1.2.2. Presenta os seus traballos atendendo as pautas proporcionadas, con orde, estrutura e limpeza, e utilizando programas de presentación.

7. 5. Plan de lectura

O Proxecto Lector do Centro (PLC) é a referencia para a elaboración do Plan Anual de Lectura (PAL), documento a curto prazo, que concreta obxectivos e accións para o desenvolvemento do PLC durante este curso escolar concreto, e estará incluído na Programación Xeral Anual do centro.

Obxectivos que se pretenden conseguir:

- Potenciar a comprensión lectora como base de todo aprendizaxe, como axuda para mellorar a comunicación oral e escrita, e como estímulo do espírito crítico, contribuíndo, en definitiva, ao crecemento persoal do alumnado
- Traballar a lectura comprensiva conxuntamente coa escritura e a expresión oral en todas as áreas do currículo.
- Implicar ás familias no obxectivo de elevar a comprensión lectora dos seus fillos e fillas.
- Aprender ao alumnado técnicas de estudo relacionadas coa comprensión lectora e co funcionamento da biblioteca.
- Desenvolver habilidades no proceso de busca de información tanto nos soportes tradicionais coma coas novas tecnoloxías

A LOE 2/2006, de 3 de maio no art. 113, refírese as Bibliotecas Escolares.

- Os centros de ensino disporán dunha biblioteca Escolar.
- As bibliotecas Escolares contribuirán a fomentar a lectura e a que o alumno acceda a información e outros recursos para a aprendizaxe das demais áreas e materias e poida formarse no uso crítico dos mesmos...
- Competencia en comunicación lingüística (CCL): ler, comprender, expresarse... A máis relacionada coa biblioteca xa que a lingua é a ferramenta da comprensión e expresión da realidade en todas as áreas.
- Competencia de conciencia e expresións culturais: apreciar a importancia do patrimonio cultural e artístico. Xunto a actividade lectora deseñaranse actividades que desenvolvan a iniciativa, imaxinación e creatividade
- Competencias sociais e cívicas (CSC): relacionarse coas persoas e participar de maneira activa, participativa e democrática nos diferentes traballos.
- Competencia de aprender a aprender (CAA): desenvolver a capacidade para iniciar a aprendizaxe, organizar tarefas e tempos, traballar de maneira individual ou colaborativa,. Na biblioteca formar usuarios que saiban usar os recursos da Biblioteca autonomamente
- Competencia dixital (CD): implica o uso seguro e crítico das Tic. Na Biblioteca priorizarase a formación documental en distintos formatos.

- Competencia matemática e en ciencia e tecnoloxía (CMCT):Aplicar o coñecemento matemático para resolver situación da vida real
- Competencia de sentido da iniciativa e espírito emprendedor(CSIEE): desenvolver habilidades para converter as ideas en actos. O alumnado formará os seus propios valores a partires dos fondos diversos da Biblioteca en canto a temática, formato, idioma...
- Educar para o desenvolvemento das competencias conleva un forte compoñente procedemental e actitudinal que precisa o tratamento globalizado y/o interdisciplinar dos contidos curriculares. Isto só é posible nas escolas que entenden a Biblioteca Escolar como axente dinámico da aprendizaxe, un lugar para a información e o coñecemento.

7.6. Plan de convivencia

Con este Plan trátanse de conseguir os seguintes obxectivos:

No alumnado:

- Coñecer as normas do Plan de Convivencia do Centro.
- Sensibilizar aos alumnos/as para que teñan unha implicación activa no recoñecemento e control dos conflitos e colaboren á hora de evitalos.
- Implicalos na resolución de conflitos a través da comunicación e o consenso
- Desenvolver habilidades sociais que favorezan as relacións interpersoais.

Nas familias:

- Participar nos procesos de prevención de conflitos e tomar conciencia da importancia de previr condutas violentas nos seus fillos.
- Asistir as reunións que se convoquen desde o Centro

Colaborar co Centro na busca e relación dos organismos externos que participen na consecución dos obxectivos do Plan de convivencia.

8. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Enténdese a atención á diversidade como o **conxunto de medidas e accións** que teñen como **finalidade adecuar a resposta educativa** ás diferentes características e necesidades, ritmos e

estilos de aprendizaxe, motivacións, intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado.

Na táboa incluída a continuación recóllense as que, na actualidade, se están a desenvolver no nivel (curso):

DESTINATARIO/A	TIPO	MEDIDA	RESPONSABLE/S
Grupo-clase	ORDINARIA	Adecuación da organización e xestión da aula ás características do alumnado	Equipo docente
	ORDINARIA	Adecuación das programacións didácticas ao contorno e ao alumnado	Equipo docente
	ORDINARIA	Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, titoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos e outras que promovan a inclusión.	Equipo docente
Alumnado con dificultades psicolingüísticas articulatorias (dislalias) e dificultades específicas de aprendizaxe (trastorno da escritura)	ORDINARIA	Adaptación dos tempos e instrumentos ou procedementos de avaliación	Equipo docente
	ORDINARIA	Reforzo educativo na linguaxe escrita (escritura)	Mestra-titora
	EXTRAORDINARIA	Apoio da profesora especialista en Audición e Linguaxe	Mestra de AL Orientadora

	EXTRAORDINARIA	Apoio da profesora especialista en Pedagogía Terapéutica	Mestra de PT Orientadora
Alumnado con dificultades específicas da aprendizaxe: trastorno da lectura	ORDINARIA	Adaptación dos tempos e instrumentos ou procedementos de avaliación	Equipo docente
	ORDINARIA	Reforzo educativo na linguaxe escrita (lectura)	Mestra-titora
	EXTRAORDINARIA	Apoio da profesora especialista en Pedagogía Terapéutica	Mestra de PT Orientadora
alumnado con dificultades específicas de aprendizaxe pouco significativas (expresión escrita e comprensión lectora)	ORDINARIA	Reforzo educativo na aula ordinaria	Mestra-titora

Cabe dotar de certa flexibilidade á información enriba sinalada dada a posibilidade de detectar novas necesidades no alumnado que, á súa vez, supoñan (impliquen) a adopción de novas medidas de atención á diversidade (*Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na LOE -DOG 21 de decembro de 2011-*) ao longo do curso escolar.

Para unha adecuada atención á diversidade contamos, asemade, con servizos de apoio externos, que veñen a complementar a labor dos xa existentes no entorno escolar, entre os que cabe sinalar: o equipo de orientación específico (EOE) de Ourense (diferentes especialistas) e outros servizos e instancias (médicas e educativas) que, de forma temporal ou permanente, prestan atención ao noso alumnado.

9. AVALIACIÓN

A avaliación do alumnado será continua, global, formativa e integradora tendo en conta o conxunto de todas as áreas do currículo..

Partiremos dunha avaliación inicial do alumnado mediante a realización de probas iniciais. Esta avaliación inicial levarase a cabo ao inicio das diferentes unidades, coa finalidade de coñecer o grao de desenvolvemento e os coñecementos previos do alumnado ante as novas aprendizaxes.

A avaliación será continúa, e empregaremos procedementos e instrumentos tales como: Observación (escalas de observación; listas de control; rexistro anecdótico, diario da clase); Probas concretas (exposición dun tema; elaboración de traballos ; probas de capacidade motriz) e rúbricas.

Na área de Ed. Física (véxase concreción curricular, programación por nivel de Ed. Física) hai establecidas unhas rúbricas nas que están establecidos os mínimos para pasar de nivel.

Ao longo do curso levaranse a cabo tres sesións de avaliación, presididas polo titor/a e á que asistirán os especialistas que impartan algunha área ao grupo, a/o especialista de Pedagogía Terapéutica, Audición e Linguaxe (se traballa con algún alumnado deste nivel) segundo corresponda.

Deste xeito permitirá realizar unha avaliación do grupo, establecendo medidas de reforzo para un desenvolvemento coherente das aprendizaxes e das competencias clave.

9.1. Procedementos de avaliación do alumnado

Entendemos por procedemento o método que se vai empregar para avaliar o progreso do alumnado e o método que se vai utilizar para implementar reforzos, apoios e recuperacións.

9.1.1. Avaliación inicial

Os titores levarán a cabo unha avaliación inicial para adecuar as ensinanzas ao alumnado e facilitar a progresión de aprendizaxes recadando información sobre o grao de desenvolvemento das competencias claves. Esta avaliación inicial será o punto de partida das programacións de aula adoptando medidas de apoio, reforzo, recuperación e ampliación a cada alumno/a individualmente tentando acadar os obxectivos mínimos das diferentes áreas do currículo.

A finalidade de realizar avaliación inicial para os docentes está en saber cales son os coñecementos, os contidos, as habilidades e grao de razoamento que posúe o alumnado para poder establecer un plan de traballo anual e asentar aprendizaxes significativas para así acadar as competencias clave.

Para realizar a avaliación inicial contamos con:

- Recollida de información das avaliacións realizadas en cursos anteriores.
- Probas de lectura para valorar o grao de comprensión, velocidade lectora, ritmo, entoación e expresividade.
- Oralidade para observar a expresión oral, destrezas de manifestacións verbais, emprego de vocabulario,...

- Probas de lecturas orais, por parte do titor para observar o grao de atención, retención de datos e comprensión de textos.
- Proba en lingua galega e castelán para observar a expresión escrita, vocabulario e a ortografía.
- Probas de matemáticas sobre o sistema numérico, cálculo e razoamento matemático.

Poñerase especial énfase na atención a diversidade do alumnado, na atención individualizada, na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten estas dificultades.

9.1.2. Avaliación final e criterios de promoción de curso.

1. A avaliación do alumnado será **continua e global**, e terá en conta o seu progreso no conxunto dos procesos de aprendizaxe.

2. Os **referentes para avaliar** a aprendizaxe do alumnado serán:

- os criterios de avaliación e, de ser o caso,
- os estándares de aprendizaxe (Decreto 105/2014 do 4 de setembro).

3. Os referentes da avaliación no caso do **alumnado con adaptación curricular** serán os incluídos na devandita adaptación, sen que isto poida impedirle a promoción ao curso ou á etapa seguinte.

4. A **avaliación das competencias clave** está integrada na avaliación dos procesos de aprendizaxe.

- Teranse en consideración, de ser o caso, os estándares de aprendizaxe das diferentes áreas que se relacionan cunha mesma competencia, os cales conforman o perfil desa competencia.

5. As actitudes e o comportamento corríxense e/ou sanciónanse, pero non se avalían.

6. Non se avaliarán a asistencia nin a puntualidade.

7. Establécense criterios de cualificación coherentes na súa gradación según o curso, que, neste caso, é o que se reflicte na seguinte taboa:

	<u>PROBAS:</u>	<u>TRABALLO DIARIO:</u>		<u>ACTITUDE E COMPORTAMENTO:</u> <u>(CONSIDERACIÓNS)</u>
	<ul style="list-style-type: none"> ● Escritas ● Orais ● Físicas ● Prácticas ● ... 	<ul style="list-style-type: none"> ● Libro, ● Libreta, ● Fichas, ● Intervencións orais, ● Lecturas, ● Traballos, ● Exercicios... 	<u>EDIXG</u> <u>AL</u> (5º/6º)	<ol style="list-style-type: none"> 1. Corríxense ou sanciónanse, pero non se avalían. 2. Só se avalían as adquisicións ou aprendizaxes. 3. Refléctense en diferentes estándares de aprendizaxe de cada área.
ED. FÍSICA - 2º EP	40%	60%	---	---
ED. FÍSICA - 4º EP	40%	60%	---	---
ED. FÍSICA - 6º EP	40%	60%	---	---

8. Establécese o seguinte criterio de centro para o cómputo da nota final da área de educación física:

1ª Avaliación: 30%

2ª Avaliación: 30%

3ª Avaliación: 40%

9. En 6º de primaria, outorgarase unha mención honorífica ao alumnado que acade unha cualificación media igual ou superior ao 9.

A «Mención honorífica» farase constar no rexistro da avaliación ordinaria no XADE e reflectirase así na acta da avaliación.

IV. Criterios de promoción:

Deixar só os xenéricos e os que correspondan ao nivel, que constan no documento "Actualización dos criterios de cualificación e promoción":

- **Decidirase** sobre a promoción do alumnado ao finalizar os cursos **2º, 4º e 6º** de Primaria.
- Decidirá sobre a promoción **o equipo docente do grupo** na sesión de avaliación final.
- A decisión será adoptada **de xeito colexiado**, tendo en conta os criterios de promoción.

- De non haber acordo, terase especialmente en consideración a información e o **criterio do profesorado titor**.
- A permanencia no mesmo curso considerarase unha medida de **carácter excepcional**:
- Tomarase se:
 - Tras **aplicar as medidas ordinarias suficientes**, adecuadas e personalizadas para atender o desfasamento curricular ou as dificultades de aprendizaxe da alumna ou do alumno,
 - o equipo docente considera que a permanencia un ano máis no mesmo curso é a medida máis adecuada para favorecer o seu desenvolvemento.
- O equipo docente organizará un **plan específico de reforzo (artigo 50 da Orde do 8 de setembro de 2021)** para alcanzar as competencias correspondentes durante ese curso.
- Esta decisión só poderá adoptarse **unha vez durante a etapa**.
- Os pais (nai/pai/titor legal) serán **oídos en sesións de tutoría** convocadas antes da sesión de avaliación para informar da posibilidade de non promoción e informados despois da sesión de avaliación antes da entrega das notas ao alumno/a.
- O alumnado que acade a **promoción de curso con algunha área con cualificación negativa** recibirá os apoios necesarios para recuperar as aprendizaxes que non alcanzara o curso anterior.
- **Ao finalizar os cursos 2º e 4º** de Primaria, o titor/a emitirá un **informe** sobre o grao de adquisición das **competencias** de cada alumna/o, indicando, de ser o caso, as medidas de reforzo que se deben prever no ciclo seguinte.
- **Ao finalizar 6º** de Primaria, o titor/a emitirá un **informe** sobre o a súa evolución e o grao de adquisición das **competencias** desenvolvidas. No caso de alumnado con necesidades educativas especiais, o informe deberá reflectir as adaptacións e medidas adoptadas, e a súa necesidade de continuidade na seguinte etapa escolar.

9.2. Instrumentos de avaliación e criterios de cualificación de Área.

Os instrumentos son todos aqueles documentos, rexistros empregados polo profesor para a observación sistemática e seguimento do proceso da aprendizaxe do alumnado que axudarán a decidir a pertinencia de adoptar medidas de apoio, reforzo e recuperación que se consideren oportunas para cada alumno/a.

Empregaremos procedementos e instrumentos tales como: Observación (escalas de observación; listas de control; rexistro anecdótico, diario de clase); Probas concretas (exposición dun tema; elaboración de traballos; probas de capacidade motriz) e rúbricas.

Relación entre a nota numérica de cualificación:

CUALIFICACIÓN	VALOR NUMÉRICO
Insuficiente	Menos do 50 % de aspectos tratados
Suficiente	50% a 60% dos aspectos tratados.
Ben	60% a 70% dos aspectos tratados
Notable	70% a 90% dos aspectos tratados.
Sobresaliente	90 % a 100% dos aspectos tratados.

9.2.1. Ponderación dos estándares.

No desenvolvemento curricular concrépanse os estándares de aprendizaxe que se consideran máis importantes de cada área e de cada bloque . Elabóranse as rúbricas para estes estándares, considerando como mínimo para a superación dunha area a cualificación de SUFICIENTE no estándar sinalado.

O resto dos estándares (non remarcados) traballaranse igualmente sen graduar a súa consecución. Só se vai ter en conta se se acadan ou non.

As porcentaxes asociadas a cada estándar foron establecidas seguindo este proceso:

- Repartir a porcentaxe total entre os Bloques de cada área.
- A porcentaxe que se asigna a un Bloque divídese á metade.
- Unha desas metades da porcentaxe será repartida entre o número de estándares sinalados como imprescindibles.
- A outra metade da porcentaxe será repartida entre o resto dos estándares non sinalados

9.3. Avaliación da programación

A programación revisarase trimestralmente , quedando reflectida nas actas correspondentes aos distintos niveis. Informase ao Claustro e ao Consello Escolar. Nestas revisións analizaranse os resultados obtidos e elaboraranse propostas de mellora para superar as dificultades atopadas.

Mecanismos de avaliación e modificación da programación didáctica	Escala			
	1	2	3	4
Indicadores de logro				
1.- Deseñáronse unidades didácticas ou temas a partir dos elementos do currículo?				
2.- Secuenciáronse e temporalizáronse as unidades didácticas, temas ou proxectos?				
3.- O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e temporalización?				
4.- Engadiuse algún contido non previsto á programación?				
5.- Foi necesario eliminar algún aspecto da programación prevista?				
6.- Secuenciáronse os estándares para cada unha das unidades ou temas?				
7.- fixouse un grao mínimo de consecución de cada estándar para superar a materia?				
8.- Asígnouse a cada estándar o peso correspondente na cualificación?				
9.- Vinculouse cada estándar a un ou varios instrumentos para a súa avaliación?				
10.- Asociouse con cada estándar os temas transversais a desenvolver?				
11.- Fixouse a estratexia metodolóxica común para todo o profesorado do curso?				
12.- Estableceuse a secuencia habitual de traballo na aula?				
13.- Son adecuados os materiais didácticos utilizados?				
14.- O libro de texto é adecuado, atractivo e de fácil manipulación para o alumnado?				
15.- Deseñouse un plan de avaliación inicial fixando as consecuencias da mesma?				
16.- Elaborouse algunha fórmula de avaliación inicial a partir dos estándares?				

17.- Definíronse programas de apoio, recuperación, ... vinculados aos estándares?				
18.- Leváronse a cabo as medidas específicas de atención ao alumnado con NEE?				
19.- Leváronse a cabo as actividades complementarias e extraescolares previstas?				
20.- Informouse ás familias sobre criterios de avaliación, estándares e instrumentos?				
21.- Seguíuse e revisouse a programación ao longo do curso?				
22.- Contribuíuse desde a materia ao Plan de Lectura do centro?				
23.- Usáronse as TIC no desenvolvemento da materia?				

9.4. Avaliación do proceso de ensino e a práctica docente

Será constante e regular ao longo de todo o proceso e permitirá constatar os logros conseguidos, introducir melloras e percibir dificultades de todo o proceso nas diferentes áreas para acadar as competencias clave.

AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO E DA PRÁCTICA DOCENTE	ESCALA			
Indicadores de logro				
Proceso de ensino	1	2	3	4
1.- O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado?				
2.- Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreza aprendizaxe?				
3.- Conseguiuse motivar para conseguir a súa actividade intelectual e física?				
4.- Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado?				
5.- Contouse co apoio e implicación das familias no traballo do alumnado?				
6.- Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do alumnado?				
7.- Tomouse algunha medida curricular para atender ao alumnado con NEAE?				
8.- Tomouse algunha medida organizativa para atender ao alumnado con NEAE?				

9.- Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado?				
10.- Usáronse distintos elementos de avaliación?				
11.- Dáse un peso real á observación do traballo na aula?				
12.- Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo?				
Práctica docente	1	2	3	4
1.- Como norma xeral fanse explicacións xerais para todo o alumnado?				
2.- Ofrécese a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa?				
3.-Elabóranse actividades de distinta dificultade atendendo diversidade?				
4.- Elabóranse probas de avaliación de distinta dificultade para os alumnos /as con NEAE?				
5.- Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar?				
6.- Intercálase o traballo individual en equipo?				
7.- Poténcianse estratexias de animación á lectura e de comprensión e expresión oral?				
8.- Incorporáanse ás TIC aos procesos de ensino-aprendizaxe?				
9.- Préstanse atención aos temas transversais vinculados a cada estándar?				
10.- Ofrécese ao alumnado de forma inmediata os resultados das probas?				
11.- Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus fallos?				
12.-. Cal é o grao de implicación nas funcións de titoría e orientación do profesorado?				
13.- Realizáronse as ACS propostas e aprobadas?				
14.-As medidas de apoio, reforzo,... establécense vinculadas aos estándares?				
15.- Avaliase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación,...?				

10. PROGRAMACIÓN POR NIVEL E PERFIL DE ÁREA.

ÁREA	EDUCACIÓN FÍSICA		CURSO	SEGUNDO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
BLOQUE 1. CONTIDOS COMÚNS EN EDUCACIÓN FÍSICA				
A c d k m	<p>B1.1. Valoración e aceptación da propia realidade corporal e a dos e das demais.</p> <p>B1.2. Respecto e valoración das persoas que participan no xogo sen mostrar discriminacións de ningún tipo.</p> <p>B1.3. Confianza nas propias capacidades para desenvolver actitudes apropiadas e afrontar as dificultades propias da práctica da actividade física.</p>	<p>B1.1. Opinar tanto desde a perspectiva de participante como de espectador ou espectadora, ante as posibles situacións conflitivas xurdidas, participando en debates, e aceptando as opinións dos e das demais.</p>	<p>EFB1.1.1. Investiga, reflexiona e debate de forma guiada sobre distintos aspectos da moda e a imaxe corporal dos modelos publicitarios.</p>	<p>CSC</p> <p>CAA</p> <p>CSIEE</p> <p>CD</p>
			<p>EFB1.1.2. Explica aos seus compañeiros as características dun xogo practicado na clase.</p>	<p>CCL</p> <p>CAA</p> <p>CSC</p> <p>CSIEE</p>
			<p>EFB1.1.3. Mostra boa disposición para solucionar os conflitos de xeito razoable.</p>	<p>CSC</p> <p>CAA</p> <p>CSIEE</p>
			<p>EFB1.1.4. Recoñece as condutas inapropiadas</p>	<p>CSC</p>

			que se producen na práctica deportiva.	CAA CSIEE
I	B1.4. Utilización de medios tecnolóxicos no proceso de aprendizaxe para obter información, relacionada coa área. B1.5. Integración das tecnoloxías da información e a comunicación no proceso de aprendizaxe.	B1.2. Buscar e presentar Información e compartila, utilizando fontes de información determinadas e facendo uso das tecnoloxías da información e a comunicación como recurso de apoio á área. Empregar o blog “XOGAEAPRENDE”	EFB1.2.1. Utiliza as novas tecnoloxías para localizar a información que se lle solicita.	CD CAA CSIEE
			EFB1.2.2. Presenta os seus traballos atendendo as pautas proporcionadas, con orde, estrutura e limpeza.	CCL CD CAA
			EFB1.2.3. Expón as súas ideas expresándose de forma correcta en diferentes situacións e respecta as opinións dos e das demais.	CCL CSC CD
A k l n	B1.6. Implicación activa en actividades motrices diversas, recoñecendo e aceptando as diferenzas individuais no nivel de habilidade. B1.7. Uso correcto de materiais e espazos na práctica da Educación física.	B1.3. Demostrar un comportamento persoal e social responsable, respectándose a si mesmo/a e aos outros e outras nas actividades físicas e nos xogos, aceptando as normas e regras establecidas e actuando con interese e iniciativa individual e traballo en equipo.	EFB1.3.1. Participa activamente nas actividades propostas buscando unha mellora da competencia motriz.	CSC CAA CSIEE
			EFB1.3.2. Demostra certa autonomía resolvendo problemas motores.	CSIEE CAA

	B1.8. O coidado do corpo e a consolidación de hábitos de hixiene corporal.			CCEC CSC
	B1.9. Adopción de condutas seguras ao actuar como peóns ou peoas, nas saídas polo contorno do colexio.		EFB1.3.3. Incorpora nas súas rutinas o coidado e hixiene do corpo.	CSC CAA
			EFB1.3.4. Participa na recollida e organización de material utilizado nas clases.	CSC
			EFB1.3.5. Acepta formar parte do grupo que lle corresponda e o resultado das competicións con deportividade.	CSC CAA
BLOQUE 2. O CORPO: IMAXE E PERCEPCIÓN				
